

REGULAMENTO ÉRGUETE E CORRE 2025

1. A Asociación Érguete organiza a carreira popular Érguete e Corre o día 30 de novembro na cidade de Vigo, con saída e meta na cuberta do Centro Comercial Vialia Vigo.

2. A carreira terá un percorrido de 5 km, na que os participantes darán 1 ou 2 voltas, en función da categoría e modalidade na que participen.

3.A proba contará con cinco modalidades:

- Carreira Érguete Peques.
- Carreira de 10 km cronometrada (2 voltas o percorrido)
- Carreira de 5 km cronometrada (1 volta o percorrido)
- Érguete Bicis. (1 volta o percorrido)
- Andaina 5 km. (1 volta o percorrido)

4.A hora de comezo das diferentes modalidades será a seguinte:

- Carreira Érguete Peques: 10:00 h.
- Carreira Érguete Bicis 5K: 10:55 h.
- Carreira 10K e 5K: 11:00 h.
- Andaina 5K: 11:00 h.

5.As inscricións poderanse realizar cubrindo o formulario dispoñible na web www.magmasports.es ata o mércores 26 de novembro de 2025 ás 23:59 h.

As cotas de inscrición son as seguintes:

- Carreira Érguete Peques: 3 €
- Carreira Érguete Bicis 5K (1 volta ao percorrido): 10 €
- Carreira 10K e 5K (2/1 voltas ao percorrido): 10 €
- Andaina 5K: 10 €

6. CATEGORÍAS ÉRGUETE E CORRE 2025

Categorías en 5K

Absoluta masculina e feminina.

Categoría ano de nacemento

Infantil	2010 - 2013	12 - 15 anos
Sub 19	2006 - 2009	16 - 19 anos
F-1 / M-1	1986 - 2005	20 - 39 anos
F-2 / M-2	1976 - 1985	40 - 49 anos
F-3 / M-3	1966 - 1975	50 - 59 anos
F-4 / M-4	1961 - 1965	60 - 64 anos
F-5 / M-5	1956 - 1960	65 - 69 anos
F-6 / M-6	1955 ou anteriores	+ de 70

Categorías en 10K

Absoluta masculina e feminina.

Categoría ano de nacemento

Sub 19	2006 - 2009	16 - 19 anos
F-1 / M-1	1986 - 2005	20 - 39 anos
F-2 / M-2	1976 - 1985	40 - 49 anos
F-3 / M-3	1966 - 1975	50 - 59 anos
F-4 / M-4	1961 - 1965	60 - 64 anos
F-5 / M-5	1956 - 1960	65 - 69 anos
F-6 / M-6	1955 ou anteriores	+ de 70

Érguete Bicis

- Sen categorías: todos os participantes compiten xuntos, sen agrupación por idade.
-

Érguete Andaina

- Sen categorías: participación libre, sen diferenciación por idade.
-

Érguete Peques

Categoría ano de nacemento

Sub 12	2014 - 2015	10 - 11 años
Sub 10	2016 - 2017	8 - 9 años
Sub 8	2018 - 2019	6 - 7 años
Sub 6	2020 - 2021	4 - 5 años
Sub 4	2022 y posteriores	3 años o menos

7. A recollida de dorsais realizarase o día anterior á carreira, no Centro Comercial Vialia, desde as 11:00h ata as 20.00h. E tamén o mesmo día da carreira desde 9:00h ata media hora antes do comezo da modalidade correspondente, na zoa de saída/meta.

8. A organización facilitará servizo de gardarroupa na zona de saída/meta.

9. O sistema de cronometraxe será proporcionado por TEAM RELAY, S.L., tendo como puntos de control a saída e a meta. O uso incorrecto do chip implica non aparecer na clasificación da proba.

10. Todas as persoas participantes estarán amparadas por unha póliza de responsabilidade civil e accidentes deportivos, excluindo os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou incumprimento das normas e leis aplicables, así como calquera outra circunstancia excluída da póliza. Tamén quedan excluídos posibles accidentes durante os desprazamentos. As persoas participantes aceptan formar parte da carreira baixo a súa exclusiva responsabilidade e propio risco. No momento da inscrición, cada participante manifesta atoparse fisicamente apto/a para completar o percorrido da proba. A organización e as empresas colaboradoras declinan toda responsabilidade polos danos que os participantes poidan ocasionar durante a proba, tanto a si mesmos como a terceiros, por imprudencia, neglixencia ou falta de forma física.

11. A organización resérvase o dereito de facer modificacións por necesidades organizativas ou polo beneficio das persoas participantes, debendo comunicalas antes da saída cando sexa posible.

Así mesmo, poderá suspender ou aprazar a proba se existe risco para a seguridade das persoas participantes, por causa de forza maior ou por condicións meteorolóxicas extremas. Calquera modificación será debidamente notificada.

12. Resérvase o dereito de retirar durante a carreira a calquera participante que manifeste mal estado físico, non realice o percorrido completo, non leve dorsal ou manifeste un comportamento antideportivo.

13. Polo mero feito da inscrición, a persoa participante recoñece e acepta que as súas

fotografías poderán ser publicadas na web oficial da carreira e nas redes sociais, cunha finalidade estritamente divulgativa do evento. Así mesmo, recoñece e garante que posúe a capacidade legal de representación do menor que inscribe, e autoriza a publicación das fotografías nas que dito menor poida aparecer.

14. Á chegada á meta ofrecerase a todas as persoas participantes, independentemente da modalidade, un avituallamento con froita e bebida.

15. Coa aceptación deste regulamento, as persoas participantes aceptan e consinten expresamente o tratamento dos seus datos persoais. De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 e coa Lei Orgánica 3/2018, infórmase de que a Asociación Érguete é a responsable do tratamento dos datos, que se empregan para xestionar as inscricións, consultas e participación na carreira. Poderase solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos datos, así como exercitar outros dereitos consultando a Política de Privacidade dispoñible en: <https://asociacionerguete.org/es/>